

DECRETO CONVOCATORIA XGL. EXPTE Nº: 2023/G005/000018.

Excma. Sra. D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión da **Xunta de Goberno Local**, que se levará a cabo por **vía telemática** o vindeiro **mércres**, día **10 de maio de 2023, ás 10:00**, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para o efecto:

ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA

LICENZAS URBANÍSTICAS

1. LICENZA URBANÍSTICA PARA A AMPLIACIÓN DE EXPLOTACIÓN EN SAN XOÁN DO CAMPO. (2020/Y001/000290).
2. LICENZA URBANÍSTICA PARA A CONSTRUCCIÓN DUN EDIFICIO NA RONDA DA MURALLA, NÚMERO 68 (exp. 87/2019).
3. LICENZA URBANÍSTICA PARA CONSTRUCCIÓN DE ALPENDRE PARA A GARDA DE APEIROS E ÚTILES DE LABRANZA NO LUGAR DE LAXE (exp. 2020/Y001/000311).
4. LICENZA URBANÍSTICA PARA A DEMOLICIÓN DE CENTRO DE TRANSFORMACIÓN EN DESUSO NO LUGAR DE VILAMOURE-SAA (2022/Y001/000208).
5. LICENZA URBANÍSTICA PARA A CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR, NA RÚA DA TORNA, NÚMERO 3 B (exp. 2021/Y001/000182).
6. LICENZA URBANÍSTICA PARA A ADECUACIÓN DO PORTAL PARA BAIXAR O ASCENSOR Á COTA CERO, SUBSTITUCIÓN DE ASCENSOR E HABILITACIÓN

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac4709273305584375767.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 10-5-2023

DUNHA NOVA PARADA NA PLANTA NO EDIFICIO SITO NA RÚA ANDORIÑAS,
NÚMERO 23 (exp. 2023/Y001/000033).

ÁREA DE GOBERNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS

PERSOAL

7. ATRIBUCIÓN TEMPORAL DE FUNCIONS DE ENCARGADO NA SECCIÓN DE
MERCADOS LOCAIS - PRAZAS E MERCADOS A UN FUNCIONARIO
MUNICIPAL.

8. COMPROMISO DE INCORPORACIÓN DUNHA PRAZA DE OPERARIO/A DE
CEMITERIO NA PRÓXIMA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO PARA O ANO 2023.

FACENDA LOCAL

9. REGULARIZACIÓN TRIBUTARIA EXP. DENEGACIÓN LICENZA URBANÍSTICA
PARA DEMOLICIÓN DE EDIFICACIÓN TRADICIONAL SITA NO NÚCLEO RURAL
TRADICIONAL DE CIMA DE VILA-TABERNAS, TOIRIZ, PARROQUIA DE PIÚGOS.

ÁREA DE GOBERNO DE COHESIÓN E DINAMIZACIÓN SOCIAL

DESENVOLVEMENTO LOCAL

10. PROPOSTA DE APROBACIÓN DA PARTICIPACIÓN NA CONVOCATORIA
PARA O PROGRAMA DE MELLORA DA COMPETITIVIDADE E DE
DINAMIZACIÓN DO PATRIMONIO HISTÓRICO CON USO TURÍSTICO (2022) NO
MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA
(MINISTERIO DE INDUSTRIA, COMERCIO E TURISMO) - CÓDIGO DE
PROXECTO: 23MRRXX24102.

MOCIÓNS, COMUNICACIÓNS E PROPOSICIÓNS

ROGOS E PREGUNTAS

O que se comunicará ós membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, no Servizo de Actas e Goberno.

Así mesmo, ó abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión ó Vicesecretario accidental, como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e ó Interventor Xeral Municipal.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ó disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

Asinado dixitalmente pola Alcaldesa-Presidenta,